

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DE DIVERSOS GASTOS DO SERVIZO DE SERVIZOS SOCIAIS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 43-2023, por un importe total de 64.282,56 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2023, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas de diversos gastos do servizo de Servizos Sociais:

- *No Fogar do Transeúnte: 7.700,00 € "Atendendo ao requerimento de emenda de deficiencias para a concesión da autorización da modificación substancial solicitada do ALBERGUE FOGAR DO TRANSEÚNTE DO CONCELLO DE LUGO, realizada polo servizo de inspección de servizos comunitarios e Inclusión Social, do 20.10.2023... Co obxecto de poder subsanar o dito requerimento do servizo de inspección, precísase de crédito para acometer a contratación de puntos de luz en todos os dormitorios (1.800 €), 2 camas con somieres e colchóns (1.800,00 €), mesas de noite (600,00 €) e dous carritos para cociña móbiles (3.000,00 €). Tamén hai que completar a sinalización interior da instalación do Fogar do Transeúnte (500,00 €)*

- *No Centro de Día Antonio Gandoy: 4.787,00 €. Segundo a acta de inspección de servizos sociais do 01.08.2023, no seu punto 6 refire: "Requírese ao centro que manteñan as vías e saídas de evacuación en todo momento accesibles para garantir a seguridade das persoas usuarias debendo evitar, en todo caso, o uso de chaves e pechos. igualmente... Se propón por iso, a substitución dos actuais sistemas de control de accesos por outro que integre retedores magnéticos, de modo que as portas queden liberadas automaticamente no suposto de fallo da corrente eléctrica. o custo estimado desta obra (importe calculado dende o servizo electromecánico e industrial do Concello de Lugo) ascende a 4.787 €*

- *Mellora da instalación eléctrica no Centro de Convivencia Maruja mallo: 38.306,39 €: "É preciso reforzar a instalación, de xeito que cada planta funcione independentemente e conteña os enchufes necesarios para a prestación dos diferentes servizos. Segundo memoria valorada polo servizo eléctrico municipal, o orzamento base da licitación ascendería a 38.306,39 €*

- *Acondicionamento dos pisos de emerxencia municipal: 11.200,00 "Para a dotación dos tres pisos de emerxencia municipal precísase de diverso mobiliario (sofás, cadeiras, somieres), importe estimado para a contratación que ascende a 4.000, televisións (1.200 €), electrodomésticos-lavadora (500 €), dúas caldeiras de calefacción (4.000 €) e menaxe (1.500,00 €)*

- *Obra de mellora de accesibilidade en varios puntos da cidade de Lugo: 2.289,17 €*

Firmado por: ***947*** - LARA MENDEZ LOPEZ (FECHA: 2023-11-24 13:32:31.00)

CVD: +VizizhdayjXraAvkj5L

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto: 10602/2023

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac4769463174326159611.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 43-2023 Obras edificios Servizos Sociais

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2023/1886, de data 23.11.2023, así como os RCMOD núm.: 2023/81335 de data 23.11.2023, por importe de 64.282,56 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 64.282,56 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
23111.48000	23231110 1	64.282,56 €	23150.63200 23150.62500 23170.60100	23XX0001 3 23XX0001 3 23XX0001 5	45.393,39 € 16.600,00 € 2.289,17 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO		64.282,56 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		64.282,56 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.